



NOTA DE PRENSA

Santiago contará en febreiro cun novo centro de día para persoas maiores xestionado por AGADEA

- Este servizo, situado en Salgueiriños, conta cunhas modernas instalacións, un amplo horario e transporte adaptado
- Será atendido por profesionais de xerontoloxía e psicoloxía con servizos complementarios como fisioterapia, logopedia e podoloxía
- O novo Centro de día Salgueiriños pódese visitar os días 20 e 22 de xaneiro nunhas xornadas de Portas Abertas

Santiago, 17 de xaneiro, 2020. A asociación galega de axuda aos enfermos con demencia tipo Alzheimer, AGADEA, amplía a súa rede de servizos coa apertura, o vindeiro 3 de febreiro, do Centro de día Salgueiriños para persoas maiores. As súas instalacións poderán visitarse os días 20 e 22 de xaneiro nunhas xornadas de Portas Abertas.

O novo centro, situado na rúa Salgueiriños de Abaixo, 15 B, en Santiago de Compostela, conta con 26 prazas e as instalacións propias dun moderno centro de día dotadas dun completo equipamento asistencial. Será atendido por profesionais de áreas tan variadas como psicoloxía, fisioterapia, terapia ocupacional, traballo social, logopedia, xerontoloxía e podoloxía, o que garanten un seguimento integral de cada usuario. A dispoñibilidade horaria do centro é moi ampla, de 9:00 a 20:00 h con posibilidade de acollerse a media xornada ou xornada completa.

O Centro de día Salgueiriños é unha opción adecuada para maiores que precisan servizos profesionais de estimulación cognitiva e física pero que queren permanecer nas súas casas. Ademais dos servizos básicos de restauración, hixiene, actividades recreativas e sociais, conta con servizos especializados dirixidos a mellorar a calidade de vida dos maiores, así como a manter a autonomía a nivel bio-psico-social. Tamén

ASOCIACIÓN GALEGA DE AXUDA AOS ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER
Sede: Rúa Salgueiriños de Arriba, 15 | 15706 | Santiago de Compostela
agadea@agadea.org | www.agadea.org | 981 595 738 | 647 589 725



outros complementarios, como podoloxía, fisioterapia e logopedia.

Para facilitar a chegada ao centro, AGADEA, pon a disposición dos usuarios un servizo de transporte adaptado que os recollerá nas súas vivendas habituais pasar a xornada e para realizar actividades específicas e saídas programadas.

Entre os obxectivos de AGADEA está o dar resposta ás necesidades, cada vez maiores, das familias, debido aos cambios demográficos e o envellecemento da poboación. Con este novo centro de día, AGADEA completa a súa rede asistencial en Santiago de Compostela, con dous centros de estimulación, un no Ensanche e outro en Salgueiriños, e a partir de febreiro, con este novo centro de día.

Actualmente a entidade conta ampla experiencia na xestión, con dous centros de día, un en Ribeira e outro na Estrada e varios centros de estimulación terapéutica: no concello de Teo, Boiro e de Vedra. Deste forma, AGADEA, entidade, con máis de 25 anos de vida, está presente en tres comarcas galegas; Terra de Montes, o Barzanza e Tabeirós e comarca de Santiago.

Saúdos